

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ADDENDA NÚM. 3 E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O antecedente da addenda núm. 3 á que se refire a presente memoria e o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Negreira, asinado o 6 de xullo de 2021, así como a addenda núm. 1 asinada con data 8 de xuño de 2022 e a addenda 2 asinada o 2 de xullo de 2024, cuxo obxecto é a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

3.- Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Negreira o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 5 de xullo de 2027.



4.- Obxecto

O obxecto da Addenda ao convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o concello de Negreira, para a redacción do documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal .

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Negreira, por escrito do 9 de decembro de 2024, solicita unha reunión da Comisión de Seguimento do convenio para adaptar os compromisos adquiridos á realidade da programación de execución dos traballos que constitúen o obxecto do convenio

A Comisión de seguimento, segundo consta na acta da súa reunión do 12 de decembro de 2024, formula unha proposta de reaxuste de anualidades.

Así mesmo, conforme ao establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, considerando a complexidade da elaboración e tramitación do instrumento de planeamento obxecto do convenio de colaboración e, tendo en conta a data de sinatura do mesmo, procede determinar o réxime de prórrogas aplicables ao acordo.

Para a tramitación desta addenda ao convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Encarnación Rivas Díaz, Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

